

PMC/cg
(EXPTE Nº 201912994)

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

A Presidencia, no uso das atribucións conferidas pola normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión de data 26/07/19, acordou aprobar o proxecto de " Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0307 Peso-Caroi, p.q. 4+000 a 6+000 (A Lama)", cun orzamento base de licitación de 940.182,52 € IVE incluído.

Resultando.- Que o mesmo órgano, na súa sesión de 04/10/19 acordou aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "de " Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0307 Peso-Caroi, p.q. 4+000 a 6+000 (A Lama)", por un importe de 940.182,85 € IVE incluído. No mesmo acto acordouse aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexerán como lei fundamental deste contrato.

Resultando.-Que con data 07/10/19 publicouse no Perfil do Contratante da Deputación e o anuncio de licitación do procedemento convocado para a adxudicación mediante procedemento aberto, da obra de " Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0307 Peso-Caroi, p.q. 4+000 a 6+000 (A Lama)". No citado anuncio recóllese como data para finalizar a presentación das ofertas o día 29/10/19 ás 10:00 horas.

Resultando.- Que con data 21/10/19, recibíuse no Servizo de Contratación, escrito do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas, recollendo no mesmo que no orzamento obsérvase que na unidade de grava-emulsión non se incluíu a emulsión na descrición nin na descompsición desa partida, debendo facer unha rectificación que en ningún caso modifica o importe da obra que mantén o orzamento base de licitación de 940.182,85 €.

Considerando.- Que o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia das persoas interesadas, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Considerando.- Que o artigo 124 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público, (en diante, LCSP), permite que os pregos ou documentos que conteñan as prescricións técnicas particulares que haxas de rexer a realización da prestación e definan as súas calidades, as súas condicións sociais e ambientais, de conformidade cos requisitos que para cada contrato establece a presente Lei, e só poderán ser modificados con posterioridade por un erro material, de feito ou aritmético.

Considerando.- Que segundo a disposición adicional segunda da LCSP, o órgano de contratación neste procedemento é a Presidenta, se ben nas bases de execución do orzamento a competencia para a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 200.000,00 euros atópase delegada a favor da Xunta de Goberno (base 16ª.2a).

Considerando.- Que a vindeira Xunta de Goberno está convocada para o día 29/10/19, coincidente coa data na que termina o prazo de licitación do presente contrato, polo que de adoptar acordo de

rectificación do proxecto, será notificado fora do prazo de licitación, co conseguinte prexuízo para o interese público e as empresas que participen neste procedemento.

Considerando.- Que o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, segundo o cal os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente. Nos supostos de delegación de competencias en órganos non dependentes xerarquicamente, o coñecemento dun asunto poderá ser avocado unicamente polo órgano delegante. Contra o acordo de avocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, interpóñase contra a resolución do procedemento.

RESOLVO

1. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno para rectificar o erro recollido no proxecto proxecto "Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0307 Peso-Caroi, p.q. 4+000 a 6+000 (A Lama)".
2. Rectificar o erro recollido no proxecto "Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0307 Peso-Caroi, p.q. 4+000 a 6+000 (A Lama)", no seguinte senso:

ONDE DI:

04.03

m3 Grava-emulsión fabricada en central, tipo GE2, con áridos proced

Grava-emulsión fabricada en central, tipo GE2, con áridos procedentes de machaqueo >50% e eulsión ECL-2, posta en obra, estendida e compactada, incluso preparación da superficie de asento, excepto emulsión.

Desgaste				
M05PN010	0.050 h.	Pala carg.neumát. 85 CV/1,2m3	40.33	2.02
M07CB020	0.050 h.	Camión basculante 4x4 14 t.	36.65	1.83
M03MF010	0.050 h.	Pta.asfált. en frío disc.100 t/h	113.49	5.67
M08EA010	0.060 h.	Extended.asfáltica 6 m. s/ruedas	65.60	3.94
M08RT050	0.060 h.	Rodillo v.autop.tándem 10 t.	38.96	2.34
M08RV010	0.060 h.	Compact.asfált.neum.aut. 6/15t.	46.29	2.78
M07W050	50.000 t.	km transp.grava-emulsión	0.11	5.50
M08CA110	0.015 h.	Cisterna agua s/camión 10.000 l.	28.80	0.43
P01AF100	0.300 t.	Árido machaqueo 0/6 D.A.<30	6.73	2.02
P01AF110	0.300 t.	Árido machaqueo 6/12 D.A.<30	5.69	1.71
P01AF120	0.300 t.	Árido machaqueo 12/18 D.A.<30	5.27	1.58
P01AF130	0.300 t.	Árido machaqueo 18/25 D.A.<30	4.99	1.50
P01AF010	1.000 t.	Zahorra natural ZN-40/ZN-25/ZN-20, IP=0	3.44	3.44
CAP	0.020 h	Capataz	17.50	0.35
OF1ERA	0.030 h	Oficial primera	15.78	0.47
PO1	0.050 h	Peón ordinario	14.66	0.73

Suma la partida 36.31
Costes indirectos... 6.00% 2.18

TOTAL PARTIDA 38.49

Ascendo o prezo total da partida mencionada á cantidade de TRINTA E OITO EUROS CON CUARENTA E NOVE CÉNTIMOS.

DEBE DICIR

CÓDIGO	CANTIDAD UD	RESUMEN	PRECIO	SUBTOTAL	IMPORTE
CAPITULO 04 FIRMES Y PAVIMENTOS					
04.03	m3	Grava-emulsión fabricada en central, tipo GE2, con áridos proced			
Grava-emulsión fabricada en central, tipo GE2, con áridos procedentes de machaqueo >50%, incluso emulsión ECL-2, posta en obra, estendida e compactada, incluso preparación da superficie de asento. Desgaste de los ángeles dos áridos < 35.					
M05PN010	0.020 h.	Pala carg.neumát. 85 CV/1,2m3		40.33	0.81
M07CB020	0.040 h.	Camión basculante 4x4 14 t.		36.65	1.47
M03MF010	0.020 h.	Pta.asfált. en frío disc.100 t/h		113.49	2.27
M08EA010	0.020 h.	Extended.asfáltica 6 m. s/ruedas		65.60	1.31
M08RT050	0.020 h.	Rodillo v.autop.tándem 10 t.		38.96	0.78
M08RV010	0.020 h.	Compact.asfált.neum.aut. 6/15t.		46.29	0.93
M07W050	55.000 t.	km transp.grava-emulsión		0.11	6.05
M08CA110	0.005 h.	Sistema agua s/camión 10.000 l.		28.80	0.14
P01AF100	0.300 t.	Árido machaqueo 0/6 D.A.<30		6.73	2.02
P01AF110	0.300 t.	Árido machaqueo 6/12 D.A.<30		5.69	1.71
P01AF120	0.300 t.	Árido machaqueo 12/18 D.A.<30		5.27	1.58
P01AF130	0.300 t.	Árido machaqueo 18/25 D.A.<30		4.99	1.50
P01AF010	1.000 t.	Zahorra natural ZN-40/ZN-25/ZN-20, IP=0		3.44	3.44
U39GE203	0.055 t.	Emulsión ECL-2		171.59	9.44
CAP	0.035 h.	Capataz		17.50	0.61
OF1ERA	0.059 h.	Oficial primera		15.78	0.93
PO1	0.090 h.	Peón ordinario		14.66	1.32
				Suma la partida	36.31
				Costes indirectos.....	2.18
				TOTAL PARTIDA.....	38.49


Asciende el precio total de la partida a la mencionada cantidad de TREINTA Y OCHO EUROS con CUARENTA Y NUEVE CÉNTIMOS

Esta rectificación non supón en ningún caso que se modifique o importe de licitación da obra, que mantén un orzamento base de licitación de 940.182,55 €.

- Conceder un novo prazo de prazo para a presentación das ofertas, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso de vinte días naturais a contar dende o día seguinte á publicación deste acordo no perfil do contratante da Deputación.
- Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante da Deputación e na Plataforma de Licitación Electrónica VORTAL.
- As empresas licitadoras que houberen presentado a súa proposición con anterioridade á presente rectificación, deberán presentar novamente a súa oferta no prazo recollido no apartado anterior.

Pontevedra, 21 de outubro de 2019

O SECRETARIO,



INTERESADOS

